

Situación da RPT. A día de hoxe están ocupados 2.814 postos de 4.510 que ten a RPT do organismo. Deses, 853 son operadores/as de información, dun total de postos 1.934. É dicir, máis do 55% das prazas de operador están vacantes. Hai xefaturas con 1 ou 2 operadores so. En persoal laboral a porcentaxe de vacantes é algo menor (150 vacantes, 180 ocupadas)

A DGT, ante a (sic:) “extrema criticidad” de persoal a día de hoxe nas oficinas, presenta con satisfacción un **plan de choque** que xa está en Función Pública, co que agardan incorporar persoal interino novo antes de xuño que permita aliviar a situación das xefaturas máis expostas. O noso persoal, esgotado (e sentíndose maltratado en moitos casos) marcha así que ten posibilidade a organismos máis atractivos economicamente e sen tanta presión laboral, e as xubilacións sucédense sen freo. É un feito incuestionable que sen incorporacións de persoal novo por oferta de emprego nunca se vai dar solucionado o problema.

A CIG, como o resto de sindicatos presentes na mesa, seguimos chamando á **modificación de postos comprometida** no 2015 pola DGT, unha débeda xa de anos antes incluso, co persoal que ocupa moitos postos que non se viron beneficiados pola reclasificación ao nivel 17. Falamos de xefes de negociado sobre todo, pero tamén de sección, postos de centros de xestión, etc. A DGT recoñece que é preciso, pero sinala que haberá que agardar ás reformas previstas para a administración e ver a súa afectación entre o persoal e informan que, ante a próxima publicación da norma que incorporará a avaliación de desempeño na Admón do Estado, están xa traballando neste sentido.

Concursos. O concurso específico publicado en marzo, queren que se resolva antes do verán, contan con convocar á comisión de valoración para xullo, que desde a propia DGT recoñecen é mal mes. Non será de estrañar que finalmente se retrase ate setembro. O próximo concurso xeral publicárase como pronto para finais de ano con prazas de operador/a de información e examinadores/as. Para saber os cursos de formación que van puntuar, que xa non van publicarse nas propias bases, deben consultarse os que se relacionen nas áreas formativas de cada perfil.

Preguntouse polas previsións de nomeamento do persoal que aprobou a **promoción interna**, en especial para a xente do corpo de xestión. De momento non hai instrucións de Función Pública. Os administrativos non van supor problema ao tratarse de prazas indistintas C1/C2. Pero si recoñecen que nalgún caso pode ser un problema o A2, xa que hai xefaturas onde aprobou moita xente, como

Málaga onde aprobaron 14! (4 do centro de xestión). En total aprobaron da DGT 119 persoas e xa se está a facer estudo previo da situación das distintas oficinas para que cando FP dea instrucións non os colla desprevenidos. A intención é ubicar a todas as persoas aprobadas no organismo. Desde a CIG aproveitamos para reclamar que se eviten os agravios comparativos do ano pasado, cando se ofreceron postos de nivel 24 deslocalizados ao persoal examinador que aprobou, mentres a maior parte do persoal de oficinas viuse reclasificado ao nivel mínimo 20.

Ante as queixas polas caídas de liña nas aplicacións de oficina, explicaron que as caídas dos sistemas non van poder solucionarse de todo xa que non están preparados para o volume de traballo que se esixe a día de hoxe, se ben aseguran que os datos obxectivos din que eses problemas son menores do que noutro tempo. O responsable desta área na DGT traslada que o seu principal cometido é facilitar o traballo dos operadores de información e o servizo á cidadanía nas mellores condicións posibles, e non que está nas súas mans evitan os cortes de conexión en horario de atención ao público.

Aplicación de exames con tablet. Implantada en case todo o territorio, a DGT defende o sistema por simplificar o traballo do colectivo de examinadores/as e reducir o traballo na sección de condutores. Dá conta tamén das melloras realizadas recentemente no aplicativo, e que segue a traballarse en introducir outras, se ben se recoñece que os cortes de liña empeoran o resultado final.

Preguntouse pola incorporación da última promoción de examinadores/as. Segundo informan da Administración a súa distribución por xefaturas realizouse nun escenario de planificación previo, en función das necesidades de organización e con consulta cos xefes/as provinciais. Ante as queixas recibidas polas prazas ofertadas en destinos con alta demanda nos concursos de traslados, “se comprometen” de palabra a que non volva suceder. Como sempre que nesta casa se acordan cuestións que van contra os intereses do seu persoal, sacan a pacer as boas palabras, os *lamentamos* e *noscomprometemos*, que, como ben coñecemos quen levamos un tempo aquí, caen en saco roto un ano tras outro. Non é de recibo que incorporen á RPT de Pontevedra unha nova praza de examinador cando no último concurso de traslados e resolto hai cinco meses, houbo perto de 20 solicitantes con máis de 50 puntos, a metade con máis de dez anos de antigüidade. Unha labazada máis da DGT ao seu persoal. A CIG reclamou unha rectificación antes da adxudicación definitiva: se realmente tivesen compromiso co seu persoal estarían en tempo.

Por outra banda está previsto que se asine nos próximos días a resolución de nomeamento de 40 examinadores interinos por vacante, que se deberan incorporar no prazo dun mes. A OEP deste colectivo convocarase a final de ano.